

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Por Resolución de Alcaldía número 2025-0052, do 7 de febreiro de 2025, aprobáronse as bases reguladoras para a contratación temporal por circunstancias da produción dun/ha auxiliar administrativo/a de Servizos Sociais mediante o sistema de concurso-oposición libre.

O 19 de febreiro de 2025, publicouse no «Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra» número 34 o anuncio da convocatoria, publicándose as bases íntegras no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.

Rematado o prazo de presentación de instancias e en cumprimento do disposto no apartado oitavo das Bases que rexen o proceso selectivo, mediante Resolución de Alcaldía número 2025-0119, de data 6 de marzo de 2025, aprobouse a lista de aspirantes admitidos/as e provisionalmente excluídos/as en dito proceso selectivo, con indicación das causas de exclusión, fixando un prazo de dous (2) días hábiles, contados dende o día seguinte da súa publicación no taboleiro da anuncios da Sede electrónica do Concello de Meis [<http://meis.sedelectronica.gal>] para presentar reclamacións ou emendar erros ou omisións.

Segundo consta no certificado de auditoría, a precitada Resolución estivo exposta no taboleiro de anuncios da sede electrónica ata o luns día 10 de marzo de 2025.

Non se recibe ningunha alegación respecto a esta lista provisional.

Considerando o anteriormente exposto, esta Alcaldía, no uso das facultades que ten atribuídas pola lexislación vixente, e en concreto, polos apartados g), h) e s) do artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Aprobar a lista de aspirantes admitidos/as e excluídos/as en dito proceso selectivo, con indicación das causas de exclusión, quedando como segue:

- **ADMITIDOS/AS:**

	APellidos e Nome	DNI	ACREDITACIÓN GALEGO
1	SOUTO SOUTO MARÍA JOSEFA	***6722**	SI
2	BERSANINO MARTÍNEZ CAROLINA	***6266**	SI
3	SÁNCHEZ SILVA MARÍA LUZ	***7323**	SI
4	SEGURA SANTOS LUIS	***8111**	SI
5	ROMERO FERREIRÓS MANUEL	***3278**	SI
6	MARTÍNEZ RIVAS SANDRA	***6676**	SI
7	LAYA CHARLÍN RAMÓN	***9885**	SI
8	LEIRO AFONSO ROSA MARIA	***1243**	SI
9	VÁZQUEZ ARAGUNDE TATIANA	***8510**	SI
10	CARDALDA QUINTEIRO BEATRIZ	***7765**	SI
11	ARAGUNDE REY AVELINO	***6473**	SI
12	NESPEREIRA VENTOSELA LAURA	***5190**	SI

- **EXCLUÍDOS/AS:**

	APellidos e Nome	DNI	Motivo de Exclusión
1	REY CASTRO JOSÉ ÁNGEL	***7657**	Por non presentar o xustificante do pagamento dos dereitos de exame ou non acreditar o pago da taxa por dereitos de exame dentro do prazo de presentación de solicitudes

SEGUNDO.- Designar o Tribunal cualificador, composto polos seguintes membros titulares:

- Presidenta: Dna. María del Carmen Rey Romero, técnica de xestión (AEDL) do Concello de Meis ou persoa que legalmente a substitúa.
- Secretario (con voz e sen voto): D. Roberto Carrodegua Méndez, Secretario-Interventor adxunto do Concello de Meis ou persoa que legalmente o substitúa.
- Vogal: Dna. Ana Rosa Vázquez Pérez, Traballadora social do Concello de Meis ou persoa que legalmente a substitúa.
- Vogal: D. José Manuel Blanco Sanmartín, funcionario administrativo C1 do Concello de Meis ou persoa que legalmente o substitúa.
- Vogal: D. Ramón Fariña Barral, funcionario auxiliar administrativo C2 do Concello de Meis ou persoa que legalmente o substitúa.

TERCEIRO.- Convocar ás persoas aspirantes **ás 10:30 horas do próximo mércores día 19 de marzo de 2025, no Edificio Multiusos do Concello de Meis (Praza de España, 18 – O Mosteiro, Meis) para a realización da proba teórica tipo test (fase oposición) conforme ao establecido nas Bases que rexen o proceso.**

Os candidatos deberán acudir provistos do DNI ou, na súa falta, pasaporte ou carné de conducir. Tamén se deberá acudir con bolígrafo azul ou negro.

Realizarase un exame tipo test, de trinta (30) preguntas propostas polo tribunal, con varias respostas posibles, sendo só unha delas a correcta, que versará sobre as materias e funcións propias do posto de traballo que se convoca, segundo o temario que se sinala no Anexo I das Bases.

As respostas correctas puntuarán 2,00 puntos. Cada resposta incorrecta restará 0,50 puntos. As respostas en branco non puntuarán ni restarán.

O tempo de realización deste exercicio será de 45 minutos.

Cualificarase cunha puntuación de 0 (cero) a 60 (sesenta) puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 30,00 puntos para considerar superada a proba, dado o seu carácter eliminatorio.



Unha vez comezada a proba non se poderá acceder á sala para a realización do exame, por tanto, recoméndase chegar con antelación. O resto das indicacións comunicaranse no lugar antes da realización da proba.

CUARTO.- Ordenar a publicación desta Resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica da entidade [<http://meis.sedelectronica.gal>] conforme ao previsto nas bases da convocatoria, e de forma complementaria, na páxina web do Concello de Meis.

Significar que a publicación desta Resolución e a exposición da lista substitúen a notificación ás persoas interesadas, en conformidade co disposto nas bases de selección aprobadas.

Contra o presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte da súa publicación na sede electrónica do Concello de Meis, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de 2 meses tamén dende o día seguinte da publicación do acto firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa

QUINTO.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno deste Concello na próxima sesión ordinaria que se celebre, de conformidade co preceptuado no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Mándao e asina a Señora Alcaldesa Dona Marta Giráldez Barral, en Meis, á data da firma dixital; do que, como Secretaria-Interventora, dou fe.

ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

